

artigo 15.4º da Lei 4/1998, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Adxudicarlle destino no posto de traballo que se indica ao funcionario que se relaciona no anexo desta orde.

Segundo.-O cesamento no destino actual do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o funcionario preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

Terceiro.-A xefatura do centro no que cause baixa o funcionario, así como daquel no que obteña praza, consignará no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das que se lle dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra esta orde, que pon fin a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer, postestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesa data, perante o xulgado do contencioso-administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo o demandante ou ben no da Coruña, á súa elección, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2005.

Jaime Pita Varela

Conselleiro da Presidencia, Relacións  
Institucionais e Administración Pública

**ANEXO**

Número de rexistro: 3283691235 A2071.  
Apelidos e nome: Conde Castelo, Samuel.  
Posto de traballo: letrado.  
Código do posto: SA.S99.10.002.27001.001.  
Centro directivo: Servizo Galego de Saúde.  
Localidade: Lugo.  
Grupo: A.  
Corpo ou escala: xeral (escala de letrados).  
Nivel de c. destino: 28 A.

*Resolución do 10 de maio de 2005, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para o acceso á categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, pola que se fan públicas as puntuacións provisionais da fase de concurso das quendas de promoción interna e acceso libre.*

En sesión que tivo lugar o 10 de maio de 2005 o tribunal V-B, designado pola Orde do 12 de agosto de 2004 (DOG nº 162, do 20 de agosto) pola que se nomean os membros do tribunal que deberán cualificar o proceso selectivo para o acceso á categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) do grupo V do persoal laboral fixo da Xunta de Galicia, convocado polas ordes da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 19 de decembro de 2003 (DOG nº 252, do 30 de decembro), e de conformidade co disposto nas ditas ordes de convocatoria

**ACORDOU:**

Primeiro.-De conformidade co disposto na base II.1.6 das respectivas ordes do 19 de decembro de 2003, facer públicas as puntuacións provisionais correspondentes á fase de concurso obtidas polos aspirantes que superaron a fase de oposición da categoría 001 (camareiro/a-limpador/a e outros) do grupo V polas quendas de promoción interna e acceso libre, atopándose expostas na Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e nas súas delegacións provinciais, así como na páxina web [www.xunta.es](http://www.xunta.es).

Segundo.-Os aspirantes poderán presentar as alegacións que consideren oportunas en relación á puntuación acadada na fase de concurso no prazo de dez (10) días contados desde o seguinte a aquel en que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2005.

José Manuel Maceira Caldelas  
Presidente do tribunal V-B

*Resolución do 10 de maio de 2005, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C).*

En sesión que tivo lugar o día 10 de maio de 2005, o tribunal designado pola orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 5 de abril de 2005 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso por promoción interna no corpo administrativo da Xunta de Galicia (grupo C), convocado pola Orde do 28 de xuño de